

Xosé Velo e o Directorio Revolucionario de Liberación (DRIL)

Xurxo Martiz Crespo

«O DRIL non nace coa vocación de ser un movemento parado máis».

Xosé Velo

Viaxe desde a fundación até a súa expulsión

Este ano 2016 cúmprense 100 anos do nacemento do activista nacionalista e revolucionario galego Xosé Velo Mosquera. Da súa natal Celanova, nun fogar de orixe burguesa, saíu este mozo de ideas revolucionarias, que resucitaría a loita antifascista contra as ditaduras ibéricas, na dirección do DRIL, do acomodo e da resignación do exilio republicano español.

«Se as pedras falasen...

... falarían ben de Xosé, Pepe, Velo», adoitaban dicir todos os que o coñeceron en Caracas. A súa personalidade, a súa capacidade como mestre transmisor e transformador, educador, formador exemplar, está fóra de toda dúbida entre a comunidade galega de Caracas. O seu legado para o nacionalismo galego está composto, principalmente, dunha estrutura



Galvão, Urbano Rodrigues, Velo e Soutomaior no Santa Maria.

confederal da península ibérica, na que estaría tamén Portugal, e da que formarían parte en pé de igualdade Catalunya, Castilla, Euskal Herria e Galiza.

Velo, exiliado en Venezuela desde 1948 por intermediación do presidente venezuelano Rómulo Gallegos¹, comeza en solitario o labor de aglutinar todos os centros galegos, sen importar a súa tendencia política, co común sinal de identidade da pertenza a unha nación como a galega e a condición de exiliados políticos e económicos dos galegos residentes en Caracas.

Sen este labor, cheo de obstáculos, hoxe sería impensábel a existencia do maior centro galego do mundo: a Irmandade Galega de Venezuela, en Caracas, que conta con máis de 40.000 socios.

Pero esta actividade nacionalista, chea de docencia e activismo, non era suficiente para Velo, así que na compañía doutros exiliados galegos, portugueses e españois fundou o Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación (DRIL).

Este traballo pretende mostrar as «pedras» que «falaron» pero non falaron ben de Velo. Sería inxenuo pretender que un home que tantas decisións e de tanta importancia tomou non xerase animadversións e inimigos dentro e fóra dos seus círculos máis íntimos.

Cómpre, xa que logo, facer un pequeno bocexo do que foi a principal obra política no exilio de Velo, o DRIL, tal como el a concibiu, para deseguida narrar

¹ Quen estivo exiliado no Estado español e na Galiza até xaneiro de 1936.

a expulsión do propio Velo da organización armada e tratar de analizar as causas desa expulsión.

A historia da actividade do DRIL foi dividida por Velo en tres accións.

A primeira acción do DRIL

Os atentados con bomba do 16 de febreiro de 1960² foron difundidos pola axencia UPI e o 19 de febreiro reivindicados polo DRIL, por medio da súa delegación clandestina, nunha nota ao xornal *Le Monde*. Xosé Velo, no seu libro inédito *Muera España, Viva Hespaña –Prólogo para la inauguración de Iberia-*, di: « (...) *O DRIL, sen ser terrorista, anunciaba a súa loita e a súa decisión co estrondo necesario nas inauguracións. Pero o DRIL non era iso. Aquelas explosións eran o primeiro engado para atraer a atención do mundo, sobre unha ditadura de 24 anos. Aquelas explosións eran como campás botadas ao voo para que os nosos pobos, vendo como se burla o terrorífico aparato represivo, cobrasen confianza*»(...)

O exilio republicano contra o DRIL

Esta primeira acción trouxo unha reacción violentísima da ditadura franquista. Tanto o Estado español coma o Portugal de Salazar reactivaron o Pacto Ibérico de 1939, polo que as dúas ditaduras se axudaban mutuamente.

Pero estas accións armadas trouxeron unha campaña difamatoria do exilio republicano, principalmente o PSOE, que clasificaba o DRIL como unha organización terrorista ao servizo de Salazar e Franco.

A entrada dos portugueses

Foi Xosé Velo, como director xeral do DRIL, quen incorporou a Galvão e os portugueses á organización. Galvão, fuxido da ditadura salazarista, estivera antes no Brasil e na Arxentina. Problemas cos portugueses nestes países trocan o rumbo do Galvão, que ten que marchar a Venezuela, segundo país no mundo en número de portugueses. Alí irá por libre e guiará un pequeno grupo de adeptos que o seguía como un iluminado.

² «Madrid, Feb. 21.-(UPI) En apoyo de su aseveración de que elementos ‘terroristas’ instruidos en la Unión Soviética fueron los responsables de las bombas, el Gobierno español se refirió ayer a un Congreso comunista celebrado recientemente en Praga, añadiendo que la campaña antiespañola fue preparada en dicho Congreso. Las bombas, según las autoridades españolas, no fueron más que una parte de esa campaña. Los dirigentes principales de la organización clandestina comunista-entre ellos un grupo directamente relacionado con Rusia y sus escuelas subversivas- han sido arrestados, anunció el Gobierno. El anuncio del Gobierno ha sido hecho al finalizar una reunión del gabinete celebrada bajo la presidencia del generalísimo Francisco Franco. Por lo que se sabe, la primera bomba estalló en el Ayuntamiento de Madrid, en horas de la madrugada, sin causar víctimas. El hecho de que ningún inocente haya sido muerto o herido por las bombas parece ajustarse a la línea política no violenta seguida por los comunistas en España, pero los observadores sostienen que las bombas parecen más de acuerdo con la tradición anarquista...».

Galvão devecía por aparecer en público. O seu enfermizo afán de protagonismo diante das cámaras e dos micrófonos, unido ao seu anticomunismo, á súa visión racista e colonialista de África e ao seu nulo coñecemento da loita que as nacións sen Estado libraban no Estado español, determinará que rache con Velo incluso antes do asalto ao *Santa Maria*.

Os cubanos

Un dos principais alicerces económicos da revolución cubana foi o pobo de Venezuela. A campaña popular «*Un bolívar para la Sierra*» achegou milleiros de dólares aos revolucionarios de Sierra Maestra.

En 1958, ao abeiro da Revolución Cubana, Velo e outros exiliados fundan en Venezuela a UCE (Unión de Combatientes Españoles)

A revolución triunfante de Fidel Castro en Cuba, en xaneiro de 1959, a súa loita de guerrillas e o adestramento por parte do capitán republicano, Alberto Bayo, de Fidel e os seus homes fixo que xurdisen en Latinoamérica centos de grupos armados e que entre o exilio republicano Alberto Bayo tivese unha reputación que antes non tiña.

DELEGACIA ESPECIALIZADA DE ESTRANGEIROS
SECRETARIA DA SEGURANCA PUBLICA

REGISTRO DE ESTRANGEIROS

NOME: JOSÉ VELO MOSQUERA

Admitido em território nacional em caráter PERMANENTE (ART-...)

Nacionalidade: ESPANHOLA "NAT. DE "CELANOVA" GRANSE"

Data do nacemento: 21-4-1916 Estado civil: CASADO

Pai: *** Mãe: ***

Profissão: MARITIMO "RECIPAS"

Registro Geral N. 501.049 Carteira N. 11.727 (exp 8-2-61)

Residência: RUA TRIXEIRA DA SILVA, Nº 6.211---SÃO PAULO

Emprégo:

Local: 17-2-61

Delegado Especializado de Estrangeiros

Cartón de entrada no Brasil de Xosé Velo.

Bayo autónomease «xeneral» e tenta centrar a loita armada antifranquista baixo o seu mando. Xosé Velo mantén unha xuntanza con Bayo en Caracas. Segundo conta o seu fillo Victor: «a desilusión dos ucistas, ao coñecer este personaxe (Bayo), é total. O seu discurso e actitudes eran os dunha figura histriónica.

Para evitar a estigmatización, o movemento comandado por Velo en Caracas afástase de Bayo e procede á extinción da UCE».

O Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación nace das cinzas da UCE debido á figura de Alberto Bayo rexeitada por Velo e non ten ningunha conexión con Cuba. Outros «cubanos» como o comandante Gutiérrez Menoyo (axente franquista de orixe española) ou infiltrados españois desde a illa participan despois no DRIL como informantes da ditadura. O embaixador de Cuba en Lisboa, a título persoal como exiliado republicano... etc, pero sen que isto signifique un apoio oficial do Goberno revolucionario cubano ao DRIL.

A segunda acción do DRIL

O 27 de xuño de 1960 o DRIL realiza unha serie de atentados en Bilbao, Donostia, Madrid e Barcelona. Ao día seguinte, en Caracas, o DRIL asume a responsabilidade desta nova acción enviando comunicados. Xosé Velo encárgalle a Henrique Galvão que convoque unha rolda de prensa en Caracas. A prensa venezolana sinalaba: «También el capitán Galvão entregó una declaración escrita del señor Jurado A. (primeiro nome revolucionario de Xosé Velo en honra a un caído do DRIL), el máximo dirigente del DRIL, que permanece en el anonimato. En algunos de sus aspectos más importantes esa declaración dice que ‘El DRIL va a derrocar a Franco, que es cosa relativamente fácil y, además, va a destruir al franquismo, que no es cosa tan fácil pero, de paso, va a demostrar con su lucha y con su triunfo a los ‘prohombres’ del exilio hasta dónde llegó su miseria moral y su instinto exiliado al confundirnos, digamos, deliberadamente, con terroristas y provocadores a sueldo del franquismo o del salazarismo. El DRIL es intransigentemente republicano...

... Es decir, republicano para una república del pueblo, de los pueblos de las naciones ibéricas, de todas las naciones ibéricas, y entiéndase que no estamos hablando de España y Portugal tal como generalmente se entiende, sino de un republicanismo que incluiría la proclamación de otras repúblicas como la Castellana, Gallega, Vasca, Catalana».

A terceira acción do DRIL

De Santa Maria a Santa Liberdade.

Operación Compostela - Operación Dulcinea.

Segundo Xosé Velo, a terceira acción do DRIL tiña que atender algúns requisitos básicos. A operación debía ser sorprendente, capaz de chamar a atención do mundo sobre da existencia de dúas ditaduras ibéricas, «intencionalmente esquecidas». O segundo, ser desconcertante e colocar a Salazar e Franco nunha actitude defensiva; e o terceiro, deixar claro que o obxectivo non implicaba un simple derrubamento de dúas ditaduras, senón a súa substitución por «gobiernos democráticos e revolucionarios que atendesen as necesidades de todas as nacións da península».

De Operación Compostela a Operación Dulcinea.

En abril de 1960 Velo preséntalles ao comandante Soutomaior e a outros galegos do DRIL o plan da Terceira Acción. A acción consistía no secuestro dun barco con destino á costa de África. Faríase o desembarco na illa de Fernando Poo, daquela colonia española baixo o nome de Guinea Ecuatorial, e que coñecía ben Velo por residir nela despois da guerra civil. Unha vez desembarcados, tomarían as gornicións e as armas e dirixiríanse ao territorio continental da Guinea Española (Bata).

Velo presenta o plan a Galvão tempo despois. O capitán portugués acepta participar nesta Terceira Acción. A escolla dun barco portugués e non español debeuse a que o *Santa Maria* era o barco con mellores condi-

cións técnicas dos que chegaban a Venezuela e non á ausencia de pena de morte en Portugal. Galvão fixo dúas propostas: que os comandos portugueses marchasen de Fernando Poo a Angola (e non ao territorio continental de Guinea Ecuatorial) e o cambio de nome da operación, que se debería chamar *Dulcinea*³. Velo, máis interesado en problemas de fondo que cosméticos, aceptou o cambio de nome.

O secuestro tivo unha repercusión internacional nos media nunca antes vista, e dúas ditaduras acomodadas e bendicidas polos Estados Unidos, debido ao anticomunismo dos seus ditadores e á Guerra Fría, volveron ser denunciadas ante o mundo por un feixe de valentes galegos e portugueses.

Soutomaior, Galvão e Velo son o Estado Maior deste secuestro. Soutomaior, o estratega militar, Velo era a alma, ideoloxía e estratexia do DRIL, e Galvão o encargado de dar as declaracións aos medios. Dous galegos e un portugués que despois terminarían por non entenderse. Galvão e Velo había tempo que non se entendían nin falaban. O protagonismo que inxustamente roubou para si Galvão e do que se aproveitou Humberto Delgado, que quixo atribuírse, falsamente, o plan do secuestro, acabou coa paciencia dos galegos.

O secuestro provocou euforia en todo o mundo. No *Palacio dos Deportes* de Caracas, o ex-ministro de Exteriores da República española, Julio Álvarez del Vayo, co xeneral Humberto Delgado, acompañados de Fabricio Ojeda e do secretario xeral do PCV, Gustavo Machado, falan a prol dos comandos do DRIL e da súa loita contra a ditadura.

Esfarelamento do DRIL após o secuestro e expulsión de Xosé Velo

Desde o seu nacemento, o DRIL tivo uns principios profundamente democráticos, críticos e estivo orientado a establecer relacións con outras organizacións republicanas, nacionalistas vascas e catalás e antifranquistas republicanas españolas no exilio, malia o rexeitamento e a belixerancia do exilio republicano acomodado do PSOE e outras organizacións contra o propio DRIL.

Non tivo moito tempo para establecer esas alianzas desde os puntos xeográficos estratéxicos onde fundaran sedes.

Despois do secuestro do *Santa Maria* sobrevén unha crise agochada e afogada na adrenalina do secuestro do transatlántico.

Unha vez chegados ao Brasil, despois do asilo concedido polo recentemente electo presidente Jânio Quadros, os membros máis prominentes do DRIL tomaron un rumbo político distinto dentro da organización revolucionaria. Semellaban existir tantos DRIL como membros e ideólogos tiña.

No Brasil a carencia de organización, a dirección personalista en Venezuela, unida a un «axente provocador en Europa (Abderramám Muley, alcumado Manuel Rojas)», fixeron que a desaparición do DRIL acontecese máis rápido.

³ Galvão era unha mestura entre *latin lover* e *gentleman*, de aí que non resultase raro o nome proposto polo portugués.

As medidas de choque dentro da organización revolucionaria para frear a desintegración do DRIL consistiron, nun primeiro momento, na constitución dun Comité Xeral de Emerxencia. A expulsión de Xosé Velo Mosquera por non «atender» as ordes da Dirección e de Rojas por ser un axente franquista feren de morte á organización armada. A redacción dunha *Declaración de principios e un regulamento interno*, pezas fundamentais para pór en marcha a organización, mais todo supeditado á realización dun I Congreso que nunca se dará no tempo.

Está fóra de dúbida que Xosé Velo foi o cerebro do DRIL, a súa alma, e Galiza e os dereitos das nacións sen Estado, o seu corazón. Custa crelo ao contemplalo expulsado por unha dirección en Venezuela que non entendeu que o DRIL sen Velo non era nada.



O rebautizado polo DRIL como 'Santa Liberdade', 1961.

As razóns da expulsión expóñense detalladamente no Acordo do Consello Xeral, pero cómpre ter en conta que esas razóns, esa «actitude extremadamente personalista» de Velo tan a súa razón de ser nos acontecementos previos, durante e após o secuestro do *Santa Maria*. Galvão tivera os seus 15 minutos de fama warholianos no secuestro, atendendo a prensa e non aspiraba a máis. O propio Soutomaior retrata con exactitude en *24 homes e máis nada* o seu afán de protagonismo antes e durante o secuestro. Non cumpriu as tarefas encomendadas para antes da acción armada no eido financeiro e loxístico. Afán de protagonismo pueril e fútil que levou a que no momento do asalto nin Galvão nin Velo se falaran.

Soutomaior, home de acción e pouco dado á teorización ideolóxica, aproveitou a concesión do asilo político a nome do seu alcume, Jorge de Soutomaior, para voar de volta a Venezuela coa súa verdadeira identidade: José Fernández Vázquez. As semanas que pasou no Brasil mantívose informado da situación do DRIL en Venezuela por medio do encargado de prensa da organización, o carnotán Julio Formoso, que nunha carta⁴ que lle envía o 17 de marzo de 1961 a Brasil infórmao das penurias económicas da organización e da actitude «personalista» de Velo antes da acción armada do *Santa Maria*: «Sabía que Velo era home que ardía nunha paixón nobre, á que sacrificara todo. Nunca discutín a lexitimidade desta paixón, pero discutín os seus métodos. E ben sabes que nunca o fixen ás súas costas. Dixen, nunha oportunidade, que a súa presenza era nociva para o triunfo dun proxecto tan ambicioso coma o que tiñamos. Que, ou mudaba de métodos, ou nada se podería facer con el... Non por falla de lealdade, que diso si ten el moito. É leal como poucos. Leal e abnegado case até a esaxeración. Non loita por impor cousas persoais, nin por obter do triunfo vantaxe persoal ningunha. Loita porque cre honradamente que non hai outro camiño para derrocar as tiranías que nos someten...

...Sei que será difícil mudar o seu carácter. Pero el debe comprender que cando lle dicimos isto, non é para recriminalo. É porque pode achegar máis á loita se o fai. O DRIL necesítalo. Ten grandes valores. Pero é preciso que mude o xeito de ser. Non de xeito de pensar...».

Pero o que determina a fin da organización é a imposibilidade de atopar financiamento en Venezuela, feito que obriga a Xosé Velo a procurar financiamento no Brasil para novas accións armadas. Formoso informa a Soutomaior que tanto el como Lino Velo se encargan do pagamento da comida e alugueiros en Venezuela das familias dos comandos do DRIL pero que era imposible conseguir financiamento en Venezuela despois do acontecido.

Formoso ponse en contacto cos representantes portugueses do DRIL en Caracas, Julio Cid de Costa Motta para iniciar comparencias conxuntas ante os medios pero obtén o silencio dos portugueses por resposta.

A Costa Motta chámano o secretario da presidencia de Venezuela e non asiste «por algún temor de que fora outra cousa». Porén, Formoso informa a Soutomaior deste erro, pois a citación era para ofrecerlle axuda pois «o propio Congreso, por instancia de URD, se pronunciara ao voso favor oficialmente.»

«Que se facía mentres? Todos os días saía nos xornais Mario Mendes⁵, quen, de súpeto –e non se sabe por que estraña arte de transfiguración-, se convertera en voceiro do DRIL e dos seus homes».

Os portugueses en Caracas actuaron sempre baixo as súas siglas e non baixo as do DRIL. Dedicáronse a exaltar a figura de Galvão, mediante a publicación das

⁴ Arquivo do autor.

⁵ Do grupo de portugueses de Galvão en Caracas e presidente do Comité Pro Democracia e Liberdade de Portugal.

súas conferencias na Universidad Central de Venezuela ou a fabricación de caixas de mistos⁶ coa súa foto, na *Fosforena Nacional* para recadar fondos.

Formoso cóntalle a Soutomaior que os portugueses o acreditaran a nome do Comité portugués e non do DRIL. «Do DRIL non se falou en todo ese tempo nin unha soa verba. Era un tabú. Nin se podían nomear esas siglas. A acción era portuguesa; os homes portugueses, os comités portugueses. O ar, o sol e a lúa, eran portugueses. Nin unha soa mención do DRIL.»

A recadación de fondos é cativa. «En termos de diñeiro, todas as recadacións ascenderon a pouco máis de mil⁷ bolívares. As nosas (as de Formoso) sen ser brillantes –debido sobre todo aos obstáculos que vencer-, superaron esa soma seis veces máis. E continúa a aumentar.

En verdade, perdeuse unha oportunidade como non se volve presentar outra na vida. O entusiasmo era enorme en toda a poboación. As edicións dos diarios voaban das mans dos vendedores e esgotábanse unha vez que saían á rúa. Nunca tal vin. Cun pouco de cabeza, a estas alturas teríamos recollido non menos de trinta mil bolívares. Pero, perdida esta oportunidade, é dicir, chegados vós a Recife, todo rematou . E agora crédeme, amigos, custa traballo recoller diñeiro

...Era tanta a ineficacia, que rebordaba toda medida normal. En que quedaron as xestións cos partidos?... en canto a Acción Democrática, que eu saiba, non deron a estas alturas nin un só céntimo... E que dicir das organizacións políticas españolas e portuguesas? Adhesións. Moitas adhesións. Pero nin un peso. É máis, nin sequera os nosos compañeiros deron, coa excepción do comandante (Soutomaior)...

Estes feitos precipitaron a decisión de Velo de tentar procurar financiamento ao DRIL desde Brasil, desautorizando nos feitos a Galvão e a Soutomaior pola súa ineficiencia.

Para Galvão a historia do DRIL remata coa chegada a Recife. Concedido o asilo político, a súa figura esmorece ante a doutro asilado portugués: Humberto Delgado.

O comandante Soutomaior, que marchara a Venezuela pouco tempo despois, renunciara á Secretaría Xeral do DRIL o 26 de marzo de 1962 e será acusado dunha «actitude autoritaria e paternalista⁸» actitude que, entre outras cousas, decidiu á renuncia do secretario de Relacións Exteriores o 22 de marzo de 1962, Agustín Alba. Soutomaior abrazará a causa da esquerda latinoamericana e adestrará grupos guerrilleiros en Venezuela. Marchará a Cuba e formará parte da delegación da OSPAAAL en Laos e Vietnam na guerra contra Estados Unidos.

Xa que logo, a expulsión de Velo debe entenderse como a acta de defunción do DRIL.

⁶ Que nunca se fabricaron por ser a fábrica propiedade dun español falanxista.

⁷ Douscentos tres euros da época.

⁸ Acta do Consello Xeral do 30 de marzo de 1962 asinada polo secretario de Organización Ricardo Graells, o secretario Militar Francisco Ruíz e o secretario Sindical Federico Ramos.

CONSELLO XERAL⁹

ACORDO NÚMERO DOUS

ASUNTO: EXPULSIÓN

Reunidos nesta cidade os membros integrantes do Consello Xeral do Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación para resolver a grave situación que ten sido formulada como consecuencia da actitude extremadamente personalista, irresponsábel e inmoral observada polo cidadán XOSÉ VELO MOSQUERA, tamén coñecido polos pseudónimos de «Xurado A.» e «Carlos Xunqueira de Ambía» e

CONSIDERANDO

Que todos os informes, documentos e declaracións escritas que obran en poder desde Consello

PROBAN

PRIMEIRO: que, abusando o dito suxeito da súa presunta influencia política na Organización, tratou de seguir creando grupos de comandos de costas a esta co exclusivo obxecto de satisfacer as súas ambicións persoais, negándose a poñelos baixo o control da Delegación Exterior dos Estados Unidos do Brasil, país en que actualmente reside.

SEGUNDO: que autotitulándose «Director xeral do DRIL» dirixe como tal correspondencia a antigos compañeiros fundadores de Venezuela, designándolos *delegados* para este país coa única finalidade de seducilos para que recaden as sumas de cinco mil dólares máis quince mil bolívares, segundo consta de cartas do seu propio puño e letra e sinatura que foron exhibidas ante o Consello, pretendendo descoñecer e desautorizar deliberadamente con iso unha resolución de data anterior, emanada da Asemblea de Comandos do DRIL, concentrados na *chacra* san Vicente, na cidade de Campinhas, estado de São Paulo-Brasil- o día vinte de abril do corrente ano (1961), que lle reducía á simple condición de membro de base , exhortándoos, ademais, a descoñecerse e enemistarse entre si, orientando a súa acción a escindilos para obter de tan negativo resultado maior proveito persoal.

TERCEIRO: que obrando ante si e por si separou do DRIL a dignos compañeiros fundadores da Organización, cualificándoos, acto seguido, de traidores, sen permitir que ningún organismo ou persoa desta os escoitase ou presentase ante eles as correspondentes probas de descargo para a súa lexítima defensa. Pola contra, foron os únicos que ante o feito da operación *Santa María* amosaron a súa rectitude de conduta e integridade moral e revolucionaria mobilizándose en

⁹ O documento orixinal (que aquí se traduce do español) conseguíuno o autor en Caracas por medio de Federico Fernández, fillo do comandante Soutomaior.

todo sentido e por todos os medios ao seu alcance a fin de axudar ás familias dos comandos que nela participaron, non facéndoo así, xa que logo, ningún daqueles a quen el escollera para o desenvolvemento desta misión, o cal demostra unha vez máis a súa incapacidade organizativa

CUARTO: que cursando ante el os grupos cataláns e vascos residenciados en São Paulo (Brasil) convites ao comandante Jorge de Soutomaior para que concorrese ás súas xuntanzas co obxecto de tratar con eles importantes asuntos relacionados coa política ibérica e a loita adiantada polo DRIL, agochou ao interesado estes convites co deliberado propósito de poder máis tarde dirixir en proveito persoal e exclusivo esas conversas, conforme quedou posteriormente demostrado polo desenvolvemento dos acontecementos, e

QUINTO: que tendo en conta todo o arriba exposto, lidos os citados documentos, escoitados os argumentos de todos os compañeiros presentes e comprobados a enteira satisfacción os cargos, e atopando este CONSELLO XERAL materia suficiente para ditaminar

ACORDA

a) Proceder á expulsión radical e definitiva do cidadán Xosé Velo Mosquera, alcumado «Xurado A.» ou «Carlos Xunqueira de Ambía», reservando para si o dereito de adoptar outras medidas máis severas ante probas de novos feitos consumados da índole que determinan esta resolución.

b) Comunicarlle o presente acordo ao interesado por medio da Delegación Exterior do DRIL en São Paulo para os efectos do seu coñecemento e demais providencias do caso.

c) Enviar copias deste documento a todas as delegacións exteriores e interiores do DRIL e a todas as organizacións políticas e sindicais antifranquistas e antisalazaristas, tanto do interior como do exterior da Península Ibérica, para os mesmos efectos consignados no Aparte B, pregándolles que por todos os medios ao seu dispor dean a este acordo a maior difusión posíbel, a fin de evitar no sucesivo que o mencionado elemento poda continuar o seu labor persoal e divisionista, oposto a todos os propósitos da loita contra os ditadores ibéricos.

Dado e asinado na cidade de Caracas, capital da República de Venezuela, o día quince do mes de xuño do ano 1961.

Polo Consello Xeral do Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación, asinan.

Jorge de Soutomaior
Secretario xeral

José Sorribas Franch
Secretario de Organización

Fontes

Formoso, Julio Agustín. (1961, 17 de marzo). [Carta ao comandante Souto-
maior]. Orixinal en posesión de Xurxo Martiz.

Formoso, Julio Agustín. (1961, 21 de marzo). [Carta ao comandante Souto-
maior]. Orixinal en posesión de Xurxo Martiz.

Formoso, Julio Agustín. (1961, 28 de abril). [Carta a Xosé Velo]. Orixinal en
posesión de Xurxo Martiz.

Acordo nº 2 do Consello Xeral (expulsión de Xosé Velo) do 15 de xuño de 1961.
Declaración de Principios do DRIL, Consello Executivo Xeral, 1 de xullo de
1961.

Informe do DRIL chegado de Cuba do 19 de xullo de 1961.

Acta do Consello Xeral do DRIL do 30 de marzo de 1962.

Comunicación a Soutomaior do Consello Xeral do DRIL do 20 de abril de 1962.

D. R. I. L.

DIRECTORIO REVOLUCIONARIO IBERICO DE LIBERACION

(CONSEJO GENERAL)

ACUERDO NUMERO DCS

ASUNTO: EXPULSION

----- Reunidos en esta Ciudad los miembros integrantes del Consejo General del Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación para resolver la grave situación que le ha sido planteada como consecuencia de la actitud extremadamente personalista, irresponsable e inmoral observada por el ciudadano JOSE VELCO MOSQUERA, también conocido por los seudónimos de "Jurado A." y "Carlos Junqueira de Ambía y -----

----- C O N S I D E R A N D O -----

----- Que todos los informes, documentos y declaraciones escritas que obran en poder de este Consejo -----

----- P R U E B A N: -----

----- PRIMERO: Que abusando dicho sujeto de su presunta influencia política en la Organización ha tratado y trata de seguir creando grupos de comandos a espaldas de ésta con el exclusivo objeto de satisfacer sus ambiciones personales, negándose a ponerlos bajo el control de la Delegación Exterior de los Estados Unidos del Brasil, en cuyo país actualmente reside. -----

----- SEGUNDO: Que autotitulándose "Director General del D.R.I.L." dirige en tal carácter correspondencia a antiguos compañeros fundadores de Venezuela designándolos Delegados del mismo para este País con la única finalidad de seducirlos para que recauden las sumas de cinco mil dólares más quince mil bolivares, según consta de cartas de su propio puño, letra y firma que fueron exhibidas ante el Consejo, pretendiendo desconocer y desautorizar deliberadamente con ello una resolución de fecha anterior, emanada de la Asamblea

D. R. I. L.

DIRECTORIO REVOLUCIONARIO IBERICO DE LIBERACION

.../...

Página 2

de Comandos del D.R.I.L. concentrados en la "chacra" San Vicente, en la ciudad de Campinas, Estado de Sao Paulo -Brasil- el día veinte de abril del corriente año, que lo reducía a la simple condición de miembro de base, exhortándolos, además, a desconocerse y enemistarse entre sí, orientando su acción a escindirlos para obtener de tan negativo resultado mayor provecho personal. - - - - -

- - - - TERCERO: Que obrando ante sí y por sí ha procedido a separar del D.R.I.L. a dignos compañeros fundadores de la Organización, calificándolos, acto seguido, de traidores, sin permitir que ningún Organismo o persona de ésta los escuchara o ante ellos presentara las correspondientes pruebas de descargo para su legítima defensa, siendo, por lo contrario, como en efecto fueron, los únicos que ante el hecho de la Operación "Santa María" demostraron su rectitud de conducta e integridad moral y revolucionaria movilizándose en todo sentido y por todos los medios a su alcance a fin de ayudar a las familias de los comandos que en ella participaron, no habiéndolo hecho así, en cambio, ninguno de aquellos a quienes él había escogido para el desempeño de esta misión, lo cual demuestra una vez más su incapacidad organizativa. - - -

- - - - CUARTO: Que habiendo cursado ante él los grupos catalanes y vascos radicados en la ciudad de Sao Paulo (Brasil) invitaciones al Comandante Jorge de Sotomayor para que concurriera a sus reuniones a objeto de tratar con ellos importantes asuntos relacionados con la política ibérica y la lucha adelantada por el D.R.I.L., ocultó al interesado estas invitaciones con el deliberado propósito de poder más tarde dirigir en provecho personal y exclusivo esas conversaciones, conforme quedó posteriormente demostrado por el desarrollo de los acontecimientos, y - - - - -

- - - - QUINTO: Que habida cuenta de todo lo arriba expuesto, leídos los citados documentos, escuchados los argumentos de todos los compañeros presentes y comprobados a entera satisfacción los cargos, y encontrando este CONSEJO GENERAL materia suficiente para dictaminar - - - - -

- - - - - A C U E R D A: - - - - -

- - - - A) Proceder a la expulsión radical y definitiva del ciudadano JOSE VELO


D. R. I. L.

DIRECTORIO REVOLUCIONARIO IBERICO DE LIBERACION

.../...

Página 3

MOSQUERA, alias "Jurado A." o "Carlos Junqueira de Ambía", reservándose el derecho de adoptar otras medidas más severas ante pruebas de nuevos hechos consumados de la índole que determinan esta Resolución. -----
----- B) Participar el presente ACUERDO al interesado a través de la Delegación Exterior del D.R.I.L. en Sao Paulo (Brasil) para los efectos de su conocimiento y demás providencias del caso. -----
----- C) Enviar copias de este documento a todas las Delegaciones Exteriores e Interiores del D.R.I.L. y a todas las organizaciones políticas y sindicales anti-franquistas y antisalazaristas, tanto del Interior como del Exterior de la Península Ibérica, para los mismos efectos consignados en el Aparte B., rogándoles que por todos los medios a su alcance se sirvan darle a este ACUERDO la mayor publicidad posible, a fin de evitar en lo sucesivo que dicho elemento pueda continuar su labor personal y divisionista, opuesta a todos los propósitos de la lucha contra los dictadores ibéricos. -----
----- Dado y firmado en la Ciudad de Caracas, capital de la República de Venezuela, a los quince días del mes de junio del año mil novecientos sesenta y uno. ---
----- Por el CONSEJO GENERAL DEL DIRECTORIO REVOLUCIONARIO IBERICO DE LIBERACION, FIRMAN: -----


Jorge de Sotomayor
Secretario General


José Sorribas Franch
Sec. de Organización